



Resolución do 27 de outubro de 2019 pola que se resolve o proceso de selección de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius (código de procedemento IN859A).

A Axencia Galega de Innovación (Gain), dada a súa condición de organismo público de investigación tal e como recolle a Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, poderá contratar persoal investigador en réxime laboral mediante as modalidades contractuais recollidas na Lei 14/2011, do 1 de xuño, de ciencia, tecnoloxía e innovación.

Por resolución do 23 de xuño de 2020 (DOG núm. 1458, 7 de agosto) anunciouse a convocatoria de persoal investigador, conforme ao establecido no Decreto 64/2016, do 26 de maio, polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador dotado cunha bolsa do ERC, no marco do programa para a xeración, captación, retención e recuperación de talento investigador en Galicia (programa Oportunius). Finalizado o proceso de selección e de acordo co sinalado no artigo 9 e seguintes da convocatoria, o órgano de selección elevou á Dirección da Axencia Galega de Innovación a proposta a favor do aspirante seleccionado.

Por todo iso, en virtude do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e apróbanse os seus estatutos, modificado polo decreto 125/2016, do 1 de xullo, e polo Decreto 85/2019, do 4 de xullo, esta Dirección

RESOLVE:

Primeiro.- Contratar como persoal laboral da Axencia Galega de Innovación, na modalidade de investigador distinguido, ás persoas que se indican no Anexo.

Segundo.- Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de alzada ante a Presidencia da Axencia Galega de Innovación no prazo dun mes para contar desde o seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela,
Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación

ANEXO

Dominio ERC de Ciencias Humanas e Sociais: Jacob Copeman (***2534***)

